

NOVIDADE | VERÁN 2017

alvarellos

Un berro que sae do profundo, nos novos e premiados versos de Otero Canto

Alvarellos Editora publica, na súa colección Libros do Sarela, "Telúrica", o poemario co que Xosé Otero Canto logrou en 2016 o Primeiro Premio do Certame Literario do Concello de Vilalba.

SANTIAGO, VERÁN 2017- Telúrica é un berro que sae do profundo, unha forza que se revira contra nós e que participa da terra. Herdeiro da mellor tradición poética dunha comarca tan literaria como a luguesa da Terra Chá, Xosé Otero Canto penetra como "o lume nas entrañas" na terra convertida en "corpo sacratísimo dos nosos", mais tamén "sementada de luz" e "bébeda de auga", unha terra moura que agroma en verde, tatuada e esculpida en vento. Nestes poemas, a riqueza léxica actúa cun brío fortificado ante o bastión inexpugnable do Telúrico. Xosé Otero Canto logrou coa solidez enérxica da palabra o Primeiro Premio do Certame Literario do Concello de Vilalba na súa edición nº 42 (2016).

O presente volume enriquecese coas ilustracións de **José María Lugilde**.

XOSÉ OTERO CANTO nace na Ponte de Outeiro, Castro de Rei, A Chaira (Lugo) en 1951. É catedrático de Lingua Castelá e Literatura no IES Lucus Augusti. Autor dos libros de poemas *Salaos da Chaira; Arelas de prata e soños; Miño, río pai e amigo; Guía poética da muralla de Lugo; Outono, mancebo céfiro de ás ergueitas; Poemas da cidade e Poética da viaxe, Valuria e As Catedrais, portas do misterio*. Foi recoñecido cos premios do Certame Internacional de Poesía e Conto Breve do Centro Cultural Rosalía de Castro de Buenos Aires, o Certame Nacional de poesía sobre O Nadal (Begonte), o Manuel Orestes Rodríguez López (Paradela), o Certame de Poesía Anduriña Voandeira de Bilbao e, en varias ocasións, co primeiro ou segundo premio do Certame Literario do Concello de Vilalba. A última delas, ata hoxe, en 2016, con *Telúrica*.

Contacto coa Editorial: prensa@alvarellos.info | 981 522 137

Contacto co Autor: joseoteroconto@hotmail.com 982 22 87 92 – 637 18 42 36



FICHA TÉCNICA: 58 pp | 14 x 21 cms
ISBN 978-84-16460-22-9 | PVP: 9 €

